



Concello de Lourenzá

ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
JGL/2024/8	La Junta de Gobierno Local
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

Tipo Convocatoria:

Extraordinaria

Data:

8 de xullo de 2024

Duración:

Desde las 13:08 hasta las 13:33

Lugar:

Despacho da Alcaldía

Presidida por:

ROCIO LOPEZ GARCIA

Secretario:

ANA BARREIRO GOMEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	SÍ
71865319W	MANUEL ARANGO RON	SÍ
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	SÍ
76580879X	ROCIO LOPEZ GARCIA	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA
RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO





Concello de Lourenzá

7/2024 INCORPORACIÓN REMANENTE DE CRÉDITO EXPTE. 210/2024

Favorable | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal, ACORDOU ratificar a Resolución da Alcaldía de data 06/06/2024 que se transcribe:

“RESOLUCION DE ALCALDIA

Apreciada a necesidade e urxencia de incrementar as aplicacións correspondentes o Capítulo 1 do Orzamento Prorrogado de Gastos desta Entidade Local.

En virtud das competencias atribuídas a esta Alcaldía polo lexislación vixente, e o disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público respecto a avocación de competencias.

DISPOÑO:

PRIMERO.-Quedar enterada do expediente de modificación de crédito 7/2024 de Incorporación de Remanentes de Crédito para gastos con financiación afectada e en consecuencia:

-Avocar por motivos de urxencia a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante Resolución de data 19/07/2023.

- Aprobar en virtude do artigo 21.4 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, o expediente de modificación orzamentaria nº 7/2024, mediante Incorporación de Remanentes de Crédito, polas seguintes contías:

Aumento do orzamento de Gastos

APLICACION	DENOMINACIÓN	CONTÍA €
330.120	RETRIBUCIÓN BÁSICAS	13.622,93
330.121	RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS	7.201,76
330.160	CUOTAS SOCIAIS	4.175,61
136.143	OUTRO PERSOAL	10.205,22
136.160	CUOTAS SOCIAIS	8.214,44
170.143	OUTRO PERSOAL	5.400,78





Concello de Lourenzá

TOTAL GASTOS 48.820,74 €.

- A Modificación de crédito proposta pola contía de 48.820,74 euros financíase con compromisos firmes de aportación (Axuda PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2023-REFORZO DO EMPREGO) afectada os remanentes que se pretende incorporar co seguinte detalle:

AUMENTO ORZAMENTO DE INGRESOS

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	CONTÍA €
461	DE DIPUTACIONES, CONSEJOS O CABILDOS	48.820,74€.
TOTAL INGRESOS 48.820,74€.		

SEGUNDO.- Dar coñecemento a Xunta de Goberno Local do Concello de Lourenzá para a súa ratificación e dar conta ó Pleno.

Mando e asino en Lourenzá, a Alcaldesa, Dona Rocío López García. Pola Secretaría tomase razón para a súa transcripción ó Libro de Resolucións, ós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2. RD 128/2018, de 16 de marzo)."

RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 8/2024 INCORPORACIÓN REMANENTE DE CRÉDITO EXPTE. 239/204

Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal, ACORDOU ratificar a Resolución da Alcaldía de data 17/06/2024 que se transcribe:

“ RESOLUCION DE ALCALDIA

Apreciada a necesidade e urxencia de incrementar as aplicacións correspondentes o Capítulo 1 do Orzamento Prorrogado de Gastos desta Entidade Local.

En virtud das competencias atribuídas a esta Alcaldía polo lexislación vixente, e o disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público respecto a avocación de competencias.





Concello de Lourenzá

DISPOÑO:

PRIMERO.-Quedar enterada do expediente de modificación de crédito 8/2024 de Incorporación de Remanentes de Crédito para gastos con financiación afectada e en consecuencia:

-Avocar por motivos de urxencia a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante Resolución de data 19/07/2023.

- Aprobar en virtude do artigo 21.4 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, o expediente de modificación orzamentaria nº 8/2024, mediante Incorporación de Remanentes de Crédito, polas seguintes contías:

Altas nas aplicacións de Gastos

APLICACION	DENOMINACIÓN	CONTÍA €
231.130	LABORAL FIJO	1.104,33
231.160	CUOTAS SOCIAIS	4.490,03
231.227	TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PROFESIO	6.012,47
TOTAL GASTOS 11.606,83 €.		

ALTAS NOS CONCEPTOS DE INGRESOS

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	CONTÍA €
870.00	Remanente de Tesorería para Gastos Generales	11.606,83 €.
TOTAL INGRESOS 11.606,83 €.		

A Modificación de crédito proposta pola contía de 11.606,83 euros financiase coa aportación municipal que se obten do Remanente de Tesorería para Gastos Xerais obtendos da última liquidación do orzamento do exercizo 2023 aprobada, que resultou positiva por un importe de 981.497,67 € (RTGX) dos cales xa foron utilizados 202.673,35€.

SEGUNDO.- Dar coñecemento a Xunta de Goberno Local do Concello de Lourenzá para a súa ratificación e dar conta ó Pleno.

Mando e asino en Lourenzá, a Alcaldesa, Dona Rocío López García. Pola Secretaría tomase razón para a súa transcripción ó Libro de Resolucións, ós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2. RD 128/2018, de





Concello de Lourenzá

16 de marzo).”

RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA NO EXPTE. LEGALIZACIÓN DE EDIFICACIÓN DESTINADA A NAVE PARA CORTE DE CABALOS , SITA EN SOUTELO,S/N.

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Resolución:

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal, ACORDOU ratificar a Resolución da Alcaldía de data 11/06/2024 que se transcribe:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o REQUERIMENTO DE REVISIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA MUNICIPAL presentado pola AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA instando ao Concello de Lourenzá ao inicio dunha revisión de oficio da licenza para a “Legalización de edificación destinada a nave para corte de cabalos, sita en Soutelo s/n, na Parroquia de Santa María, parcela catastral 27027B005113130000LP”, de conformidade co previsto no artigo 106 da LPAC e no expediente de reposición da legalidade urbanística número LUG/29/2016-RP1, Visto o disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público e demais normativa aplicable,

DISPOÑO:

PRIMEIRO: Por razóns de urxencia, avócar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local e comunicar que no expediente 117/2023, de legalización de edificación para corte de cabalos, consta con rexistro de entrada 2023-E-RC-867 de data 10/04/2023, informe favorable do Servizo de Gandaría da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Medio Rural no que se ven a resolver, de maneira conxunta, favorablemente sobre a legalización da nave e as obras de acceso de seguridade separado para vehículos e persoas contidas na Comunicación Previa (Expediente 183/2023) presentada polo interesado ante o Concello de Lourenzá con rexistro de entrada 2023-E-RE-181, de data 12/04/2023.

SEGUNDO: Que o propietario manifestou ante o Concello de Lourenzá, que se están executando reparacións non substanciais para acomodar a arquitectura da





Concello de Lourenzá

edificación ás condicións establecidas na sentenza do TSXG 293/2021, do 28/05/2021, declarada firma o 1/12/2021 e a súa vontade de acometer aquelas outras que fosen necesarias.

TERCEIRO: Tendo en conta o anterior, que tódolos informes sectoriais preceptivos foron favorables, que se trata dun uso permitido e que os parámetros da edificación se axustan á legalidade urbanística, non se estima procedente o inicio do expediente de revisión solicitado, sen perxuízo, de poñelo en coñecemento do resto da Corporación e de que se realicen os trámites legais preceptivos.

CUARTO: Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou o acto notificado, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa de Lourenzá D. Rocío López García. Pola Secretaría tomase razón para súa transcripción o Libro de Resolucións, os efectos de garantir súa integridade e autenticidade (art. 3.2. RD 128/2018, de 16 de marzo)."

RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA LICENCIA PARA INSTALACIÓN DE TERRAZA TEMPORAL A NOME DE DON VICTOR MANUEL PENEDO DÍAZ.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal, ACORDOU ratificar a Resolución





Concello de Lourenzá

da Alcaldía de data 19/06/2024 que se transcribe:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto que dende os Servizos Técnicos Municipais se presenta a súa proposta para tramitar o procedemento de autorización de ocupación de dominio público para a instalación dunha terraza, en relación co expediente sinalado, á vista dos antecedentes e realizada a tramitación establecida na normativa aplicable, que quedou plasmada mediante a incorporación da seguinte documentación:

Documento	Data/Núm.	Observacións
Solicitud da persoa interesada	18/06/2024 12:50 2024-E- RC-1064	Instalación no espazo destinado a aparcadoiro adxacente ao inmobile sito en Travesía da Mariña, 12 Superficie ocupada: 20 m ² Dende o 20 de xuño ao 30 de setembro
Informe servizos técnicos	19/06/2024	Favorable

Visto que a aprobación corresponde á Alcaldía conforme ao establecido no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en relación co artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e co artigo 348 do regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado por decreto 143/2016, de 22 de setembro; emítese a seguinte:

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Por razóns de urxencia, avócar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local e conceder a VICTOR MANUEL PENEDO DÍAZ a autorización de instalación da terraza, conforme ás características que obran na documentación presentada.

SEGUNDO. Notificar á persoa interesada esta resolución.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa de Lourenzá D. Rocío López García. Pola Secretaría tomase razón para súa transcripción o Libro de Resolucións, os efectos de garantir súa integridade e autenticidade (art. 3.2. RD 128/2018, de 16 de marzo).”

EXPTE. 264/2024. RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA CONTRATO





Concello de Lourenzá

ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN INFANTIL. TEMPO DE LECER 2024.

Favorable | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal, ACORDOU ratificar a Resolución da Alcaldía de data 24/06/2024 que se transcribe:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

Dona ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, Alcaldesa-Presidente do Concello de Lourenzá (Lugo), ao abeiro do programa de “Actividades de Dinamización Infantil. Tempo de Lecer Lourenzá 2024”, vista a necesidade de contratación dos servizos de preparación, coordinación e desenrolo das mesmas e vistos os presupostos presentados:

EMPRESA	TOTAL (ive incluído)
KIDS RIBADEO S.L.U.	11.640,25 €
MARIA NOVO FERNÁNDEZ	10.585,35 €

Esta Alcaldía, en virtude das atribucións que lle veñen conferidas pola lexislación vixente,

VEN EN RESOLVER

PRIMEIRO.- Abocar as competencias que foron conferidas pola Alcaldía á Xunta de Goberno Local en virtude do Decreto de Delegación do 18 de Xullo de 2023 e adjudicar o contrato de prestación de servizos para a preparación, coordinación e desenrolo do programa “Actividades de Dinamización Infantil. Tempo de Lecer Lourenzá 2024” á empresa MARIA NOVO FERNÁNDEZ, con NIF 76.580.541-V e con domicilio en C./ Ramón González, nº 24, Baixo, 27700, Ribadeo, por un importe total de dez mil cincocentos oitenta e cinco euros con trinta e cinco céntimos, co seguinte desglose:

PRESUPOSTO	9.532,14 €
IVE (21%)	953,21 €
PRESUPOSTO EXECUCIÓN	10.585,35 €

SEGUNDO.- Aprobar o gasto correspondente que ascende a dez mil cincocentos oitenta e cinco euros con trinta e cinco céntimos (IVE incluído).





Concello de Lourenzá

TERCEIRO.- Unha vez efectuada o servizo, incorporárase a factura e procederáse a tramitar o pago.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario, que executará a contrato de prestación de servizos de conformidade co estipulado e acordado co Concello de Lourenzá.

QUINTO.- Comunicar ao rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato menor incluíndo entidade adxudicataria, importe adxudicación xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

SEXTO.- Dar conta da presente Resolución na primeira Xunta de Goberno Local que se celebre.

Mándao e asíno en Lourenzá, a Alcaldesa, Dona Rocío López García. Pola Secretaría tómase razón para a súa transcripción ao Libro de Resolucións, ós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2. RD 128/218, de 16 de marzo)."

**EXPTE. 235/2024 RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA
APROBACIÓN BASES CONTRATACIÓN DE PERSONAL ACTIVIDADES DE
DINAMIZACIÓN INFANTIL. TEMPO DE LECER. LOURENZÁ 2024.**

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal, ACORDOU ratificar a Resolución da Alcaldía de data 17/06/2024 que se transcribe:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Dona ROCIO LÓPEZ GARCIA, Alcaldesa-Presidente do Concello de Lourenzá (Lugo), no nome e representación que do mesmo ostenta, de conformidade coas atribucións que lle veñen conferidas pola Lexislación Vixente e vista a Lexislación en materia de selección de persoas comprendida na Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997 de 22 de xuño de Administración Local de Galicia, Lei 7/2007 de 7 de abril, do Estatuto Básico do empregado público.

Visto o disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector





Concello de Lourenz

Pblico e demais normativa aplicable, DISPOO:

PRIMEIRO: Por razns de urxencia, avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local e aprobar as bases reguladoras do proceso de seleccin convocado para a seleccin e contratacin de monitores/as de ocio e tempo libre para a realizacin do programa "Actividades de Dinamizacin Infantil Tempo de Lecer-Lourenz 2024"; e realizar a convocatoria para a sa provisin en rxime de persoal laboral temporal de duracin determinada.

Segundo.- Darlle publicidade a esta convocatoria a travs da Pxina Web do Concello de Lourenz e no taboleiro de anuncios do Concello.

TERCEIRO.- Ratificar a presente resolucin na prxima Xunta de Goberno Local e dar conta Pleno do Concello.

Mando e asino en Lourenz, a Alcaldesa, D Roci Lpez Garca. Pola Secretara tmase razn para a sa transcripcin  Libro de Resolucins, s efectos de garantir a sa integridade e autenticidade (art. 3.2. RD 128/2018, de 16 de marzo)."

EXPTE. 233/2024. RATIFICACIN RESOLUCINS DA ALCALDA SOLICITUDE SUSUBVENCIONS SOLICITADAS A OUTRA ADMINISTRACIN E APROBACIN BASES. SOCORRISMO 2024.	
Favorable	Tipo de votacin: Unanimidade/Asentimento

Resolucin:

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constiten o seu nmero legal, ACORDOU ratificar a Resolucin da Alcalda de data 10/06/2024 que se transcribe:

"RESOLUCIN DA ALCALDA.

Dona ROCIO LPEZ GARCA, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Lourenz (Lugo), no nome e representacin que do mesmo ostenta, de conformidade coas atribucins que lle veen conferidas pola Lexislacin Vixente e en virtude da ORDE do 27 de Maio de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencins a concellos de Galicia, en rxime de concorrencia competitiva, para a prestacin do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuticos naturais e instalacins acuticas descubertas, e se procede  sa convocatoria para o ano 2024. VEN A RESOLVER:





Concello de Lourenzá

PRIMEIRO: Por razóns de urxencia avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local e:

-Solicitar á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ao abeiro da Orde do 27 de Maio de 2024 (DOGA. Num. 105 de data 31/05/2024), unha axuda económica por importe de OITO MIL VINTE E SEIS EUROS CON DEZ CENTIMOS (8.026,10,-) EUROS, para a contratación de dous traballadores desempregados que realizarán o servizo “SOCORRISMO NAS PISCINAS MUNICIPAIS” no Concello de Lourenzá, durante 2 meses a xornada completa e segundo o cadro que figura no punto terceiro da presente Resolución.

- Aprobar o proxecto de servizo denominado “SOCORRISMO NAS PISCINAS MUNICIPAIS”.

SEGUNDO: Que, en relación ao cálculo da subvención da Obra/Servizo pola que se solicita a subvención, non se aplicará convenio colectivo específico a efectos económicos, polo que os custos salariais a abonar aos traballadores ten un orzamento total de 8.026,1euros.

TERCEIRO: Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na orde.

CUARTO: Comprometerse ó financiamento das partidas orzamentarias que non sexan financiadas pola Consellería e acreditar a súa disposición.

QUINTO: Comprometerse a que as obras e servizos sexan executados pola Entidade Local en réxime de administración directa.

SEXTO: Comprometerse a que na execución das obras e servizos se favoreza a formación e práctica profesional das persoas desempregadas.

SÉTIMO: Ratificar esta resolución na próxima Xunta de Goberno Local.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa de Lourenzá D^a Rocío López García. Pola Secretaría tómase razón para a súa transcripción ao Libro de Resolucións, aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 RD 128/2018, de 16 de marzo).”

1º LIQUIDACIÓN 2024. RÉXIME DE COFINANCIAMENTO PARA OS CENTROS DE DÍA XESTIONADOS A TRAVÉS DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





Concello de Lourenzá

Resolución:

Neste punto foi aprobada por unanimidade dos catro concelleiros a 1ª liquidación 209/204 do ano 2024, en concepto de cofinanciamento do Centro de Día de Lourenzá, por importe de 10.625,00 E (DEZ MIL SEISCENTOS VINTECINCO EUROS).

ALTA SAF LIBRE CONCORRENCIA DE DONA JOSEFA IGLESIAS RECALDE

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Resolución:

Visto o informe da Traballadora Social de data 12/06/2024, relativo a alta do servizo de axuda no fogar de Dª JOSEFA IGLESIAS RECALDE con D.N.I. nº ****222 con domicilio en Lg. Castiñeiras Verdes, núm. 9 da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal, na modalidade de libre concorrencia, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Conceder a ALTA do servizo de “Axuda no Fogar” de Dª JOSEFA IGLESIAS RECALDE no sistema de libre concurrencia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado.

LICENCIA URBANÍSTICA. HORTALIZAS GARCÍA FALCÓN, CB. EXPTE. 97/2024

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Resolución:

Vista a solicitude de licenzia formulada por Dª AURORA MARÍA LÓPEZ BARROS, con NIF.****817, en representación de HORTALIZAS GARCÍA FALCÓN, C.B. con CIF: E27352772** e domicilio en O Batán, núm.1, parroquia de Santo Tomé (Lourenzá) con data 20/02/2024 e núm. E-RE-81 de rexistro de entrada, para a realización dos traballos consistentes en DEMOLICIÓN DE ALPENDRES EXISTENTES E EXECUCIÓN DUNHA NAVE PARA ALMACÉN DE PRODUCTOS HORTÍCOLAS sito en O Batán, núm. 1, parroquia de Santo Tomé (Lourenzá), con referencia catastral 27027C005010560000DS , para o que presenta presuposto dos traballos a realizar.**

Visto que no expediente consta o informe favorable emitido pola Arquitecta Municipal, Dª Marta Sánchez Seivane de data 08/07/2024 e





Concello de Lourenzá

asinado o mesmo día electrónicamente, e no que se especifican as condicións que deberán cumprirse para a execución da obra, seguintes:

” No entanto, procede facer as seguintes observacións que deberán facerse constar no acto de outorgamento da licenza:

1. Non se alterarán as aliñacións nin o volume existente.
2. As obras realizaranse a salvo do dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros, coa obriga de executar as ditas obras conservando as servidumes legais.
3. A licenza concederase con estrita suxeición ao documento autorizado e ás condicións establecidas na mesma. Se no transcurso da obra se pretenden realizar modificacións que afecten ao cumprimento da normativa urbanística ou ordenanzas municipais, deberase comunicar previamente ao concello antes da súa execución.
4. A licenza concédese sen perxuízo das posibles modificacións que houberan de realizarse para cumprimentar as determinacións que no seu momento establezan as entidades xestoras dos servizos urbanos ou outros organismos e as necesarias para a consecución da primeira ocupación. Estas modificacións comunicaranse ao concello antes da súa execución.
5. A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como posteriormente, estarán a cargo do Concello de Lourenzá ou dos inspectores das afeccións sectoriais existentes.
6. Esta licenza poderá ser revogada polo incumprimento de calquera condición e nos casos previstos pola lexislación vixente.
7. Adoptaranse as medidas precautorias de rigor, cumpríndose especialmente as disposicións en materia de seguridade e saúde nas obras de construción e nas ordenanzas municipais.
8. Os acopios de material, colocación de contedores en vía pública, casetas de obra, instalación e uso de grúa, andamios ou maquinaria auxiliar será precedida de solicitude da autorización correspondente. Na solicitude presentarase a documentación oportuna que represente as características, ubicación, etc das necesidades previstas ao respecto, cumprindo o disposto nas ordenanzas municipais.

A PRESENTE LICENZA NON FACULTA AO SOLICITANTE PARA A COLOCACIÓN DOS ELEMENTOS CITADOS NESTE APARTADO.





Concello de Lourenzá

9. Todo desperfecto ocasionado na vía pública como consecuencia das obras será reparado polo petionario e á súa costa. O recinto da obra estará valado con peche provisional de 2 m. de altura. Se o valado precisa da ocupación da vía pública solicitarase ésta dacordo ao punto anterior. Diariamente garantirase a limpeza, a orde e a seguridade no entorno afectado. O recinto ocupado permanecerá pechado fora do horario laboral.

A PRESENTE LICENZA NON FACULTA AO SOLICITANTE PARA A COLOCACIÓN DOS ELEMENTOS CITADOS NESTE APARTADO.

10. Os entullos e materiais de desfeito procedentes da obra serán evacuados con regularidade a vertedoiro autorizado.

11. Previa a execución de novas acometidas aos servizos urbanos, solicitarase e tramitarase a autorización correspondente ante as entidades xestoras das mesmas.

12. Concluídas as obras comunicarase o final de obra firmado polos técnicos que corresponda, incluíndo:

- Orzamento final desglosado das obras, co obxecto de proceder á liquidación definitiva do ICIO correspondente.
- Planos definitivos das obras e instalacións, con descrición das modificacións realizadas respecto do documento autorizado.

12. Cumprirase o réxime de protección xeral de especies silvestres animais establecido no artigo 89 da Lei 5/2019.

13. Garantirase o respecto dos exemplares de especies de flora e fauna recollidas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas que puideran estar presentes na zona de actuación. En caso de detectar a súa presenza o promotor da actuación elaborará un estudo da afección da actuación sobre as súas poboacións, incluíndo as medidas previstas para compatibilizar a actuación co bo estado de conservación das mesmas; o cal se trasladará a este servizo para a súa valoración con carácter previo ó inicio das actuacións

14. Queda particularmente prohibido: O acúmulo de entullo en lugares que pola súa proximidade as augas ou cauces sexan susceptibles de seren arrastrados por elas ou por escorrenta de choiva, salvo que actuación resultase de conformidade e cumprise coas esixencias da normativa en materia de augas.





Concello de Lourenzá

- 15.As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.
- 16.Outórgase autorización de Augas de Galicia sen prexuízo de terceiro e salvano o dereito depropiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.
- 17.Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.
- 18.A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, poderá efectuarse a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.
- 19.A autorización de Augas de Galicia queda suxeita ás disposicións vixentes, ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medioambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.
- 20.O titular da autorización de Augas de Galicia, será responsable de danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalacións que se autorizan.
- 21.A autorización de Augas de Galicia poderá ser revogada polo incumprimento de calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto ás servidumes legais.
- 22.As actuacións veñen recollidas en 3 proxectos diferentes e na documentación e as actuacións concretas a realizar son as que se recollen en cada documento:
 - “Proyecto de demolición de nave de almacenamiento” redactado pola





Concello de Lourenzá

arquitecta Noelia Ramalleira Barrera, con data de maio do ano 2023. Demolición dunha edificación situada ao noreste das edificacións existentes. Superficie a demoler 110 m².

- “Proyecto de demolición alpendre” redactado pola arquitecta Aurora María López Barrós, con data de setembro de 2023. Demolición dunha edificación situada ao noreste das edificacións existentes. Superficie a demoler 76,50 m².

- “Proyecto técnico para instalación de almacén de horticultura” redactado pola arquitecta Aurora María López Barrós, con data de xaneiro de 2024. Superficie 200 m² e executada a cimentación mediante zapatas de formigón, soleira de formigón, pilares metálicos formando 5 pórticos, peche de 3 frentes con bloque de formigón e cuberta tipo sandwich. Non precisa saneamento nin abastecemento.

Segundo o informe da gardería fluvial as obras sitúanse na marxe dereita da zona de policía do rego Batán, a unha distancia de 78 m.

Segundo os estudos desenvolvidos por Augas de Galicia de “delimitación dos Mapas de Perigosidade e Risco de Inundación das Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSI) de Galicia Costa” que se poden consultar no enlace <http://visorgis.cmati.xunta.es/dhgc/>, a parcela na que se solicitan as obras próxima á ARPSI do rego do Batán (ES014-LU-18-01-02-01) En todo caso, segundo o disposto no devandito visor de Augas de Galicia, as futuras obras non estarían afectadas pola zona de fluxo preferente (ZFP) e polas zonas inundables para o período de retorno de 500, 100 e 10 anos.

23.As obras non afectarán ao cumprimento das funcións da zona de servidume de leitos (5 metros medidos a partir do borde da máximas crecidas ordinarias do leito) quedando en todo caso expedita.

24.A construción deberá ter o uso de almacén que se indica na documentación, non se permite o cambio de uso.

25.As obras axustaránse ás características técnicas e xeométricas descritas na documentación achegada, no que non resulten modificadas por esta autorización. Esta autorización non supón a legalización doutras obras preexistentes.

26.De xeito xeral, as obras non alterarán o réxime hidrolóxico da zona e as augas discorrerán polos lugares polos que o farían de xeito natural.

27.O titular das actuacións será responsable da drenaxe das augas que





Concello de Lourenzá

inflúan de xeito natural ó ámbito de actuación, a disposición das obras realizadas non poderá modificar os puntos de entrada e saída dos fluxos de augas que poidan chegar ao predio procedentes doutros predios superiores ou xerarse no propio predio, debendo resolverse a circulación das augas dentro do mesmo predio e sen establecer maior gravame do existente a terceiros por esta causa ou outros efectos prexudiciais a este no dominio público hidráulico.

28.Será responsabilidade do promotor das obras da correcta drenaxe das augas pluviais naturalmenta cara as parcelas lindeiras, sen que se poidan xerar variacións do seu réxime natural do fluxo que produzan afeccións a terceiros.

29.Para a realización dos traballos non se invadirán nin se vadearán os leitos públicos con maquinaria, salvo que se dispoña da previa autorización do organismo de bacía.

30.Non se executará a corta de exemplares de especies arbóreas de ribeira, salvo que se dispoña da previa autorización do organismo de conca.

31.En xeral, as actuacións realizaranse coa menor afección posible do dominio público hidráulico e da súa zona de servidume (os cinco primeiros metros de ancho dende as canles fluviais) en particular evitando a alteración da vexetación de ribeira autóctona e o vertido de residuos ou contaminantes das augas por enriba dos límites legais. Os residuos resultantes retiraranse do dominio público hidráulico e da súa zona de servidume.

32.No caso de que durante os traballos se aprecien indicios da existencia de bens constitutivos do dominio público hidráulico segundo o artigo 2 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico (ex.: ríos, regos, etc.) que non foran advertidos durante a visita da Gardería Fluvial, a estes bens daráselles o mesmo tratamento de respecto íntegro e aplicaranse as mesmas condicións indicadas neste informe para a execución dos traballos con respecto aos bens de dominio público xa identificados.

33.Evitaranse as escorrentas e enturbamentos das augas, polo que as obras se executarán en época climatolóxica favorable. No caso de ser necesarios durante a execución das obras, implementaranse os sistemas físicos/barreiras que impidan oas arrastres de terras e/ou materiais de obra cara aos leitos públicos.

34.Non se depositarán materiais, residuos ou claquera material contaminante





Concello de Lourenzá

no cauce nin nas súas inmediacións (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable) nin en lugares susceptibles de incorporarse a el durante as enchentes ou por episodios de choivas. Durante a fase de construción extremaranse as precaucións coa retirada de todo tipo de cascallos e material de refugallo das marxes, co obxecto de reducir posibles alteracións na calidade da auga circulante ou na capacidade hidráulica da canle.

35. Evitaranse o vertido de produtos contaminantes ou materiais cara aos leitos, así como o depósito de calquera material contaminante na zona de servidume de leitos ou en calquera lugar que poida ser alcanzado polas enchentes (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente, e zona inundable). De xeito especial, prohíbese expresamente verter no propio leito do río restos de formigón ou cemento, ou lavar materiais ou ferramenta que estiveran en contacto con eles, así como cambio de aceite de maquinaria de construción.
36. Os cascallos e outros residuos procedentes da obra xestionaranse segundo a normativa aplicable. Especial precaución deberá terse nas demolicións de haber fibrocemento que puidese ter amianto, debendo xestionarse correctamente e manipularse/retirarse seguindo a normativa vixente por unha empresa autorizada.
37. En todo caso debe quedar garantido o cumprimento dos valores admitidos para os parámetros que determinan a calidade mínima esixible ás augas continentais, establecidos no Anexo V do Decreto 130/1997 polo que se aproba o Regulamento de pesca fluvial de Galicia e a consecución dos obxectivos ambientais para a masa de auga segundo o Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2021-2027; así como os preceptos do Real Decreto 817/2015, de 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental e o Real Decreto 1514/2009, de 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e o deterioro.
38. No caso de que para a execución das obras sexa necesario a colocación de maquinaria, estadas ou estruturas auxiliares temporais similares no exterior do inmovible, adoptaranse as medidas necesarias para asegurar a estabilidade dos mesmos e non se situarán na zona de servidume de leitos, zona de fluxo preferente e zonas inundables.





Concello de Lourenzá

39. Augas de Galicia non será responsable da solución técnica estrutural elixida polo promotor.

40. Lémbreselle que, se na construción que se autoriza ou se noutras existentes na parcela, de non estar conectadas á rede municipal de saneamento, se se producisen vertidos á rede hidrolóxica (subterránea ou superficial) susceptibles de provoca-la contaminación ou degradación do dominio público hidráulico, viría obrigado a solicita-la preceptiva autorización de vertido ante Augas de Galicia.

Do mesmo xeito, se se producise algún aproveitamento de augas de calquera procedencia, distinto do dunha rede municipal de abastecemento, lémbreselle que virá obrigado a tramita-la correspondente concesión ante Augas de Galicia, ou segundo o caso, o recoñecemento do dereito ao uso privativo da auga por disposición legal. Esta condición é especialmente relevante no caso de que na parcela exista algún pozo ou algún aproveitamento de augas para a rega ou outros usos. No caso de exista algún pozo e non estea en uso lémbreselle que deberá procederse ao seu selado.

41. Vista a proximidade das actuacións a unha área recollida dentro dos Mapas e Perigosidade e Risco de Inundación desenvolvidos por este organismo de conca, nos que o río Batán está dentro dunha das Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSI) de Galicia Costa, recoméndase ao promotor á adopción de medidas de diminución da vulnerabilidade e autoprotección fronte a avenidas segundo a Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil, a normativa d comunidade autónoma e outra normativa ou recomendaciónsguías aplicables publicadas polo Ministerio para a adaptación ao risco de inuncación e reducir os efectos que estas producen, con obxectivo de minimizar no posible os efectos negativos que estas producen.

42. Do mesmo xeito, recoméndase ao promotor que poña en coñecemento dos usuarios das instalacións o recollido no Anexo VIII (“Consellos á poboación ante o risco de inundacións”) da Resolución do 4 de outubro de 2016 pola que se publica o Plan Especial de Protección Civil ante o risco de inundacións en Galicia (INUNGAL) En todo caso, será responsabilidade do solicitante a adopción e transmisión aos usuarios das posibles medidas de prevención e/ou protección de bens e persoas a adoptar no caso de producirse enchentes que pioderan afectar ás instalacións.





Concello de Lourenzá

43. Recoméndase evitar época de chuvias para realizar as obras e en todo caso deberá estar atento aos episodios meteorolóxicos e deberá tomar as medidas que considere axeitadas en materia de protección civil e será responsable dos danos que se poidan producir derivados da súa situación respecto do río.
44. No caso de que coa execución das obras haxa ocupación provisional ou definitiva de parcelas alleas precisárase acordo cos seus titulares.
45. Unha vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederá a súa rehabilitación, descontaminando a terra e, se for preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc. ata conseguir a súa situación primitiva.
46. O prazo que outorga Augas de Galicia para a realización das obras é de 24 meses contado a partir do día seguinte da recepción da resolución, salvo que se solicite e obteña unha prórroga antes do esgotamento do prazo.
47. Rematadas as obras comunicáraselle a Augas de Galicia, que procederá ao seu recoñecemento final nos casos en que considere oportuno.

SEGUNDO. PARÁMETROS URBANÍSTICOS

CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA: Solo rústico

CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: De protección de espacios naturales y de protección agropecuaria

Disposición transitoria primeira. Réxime de aplicación aos concellos con planeamento non adaptado e aos concellos sen planeamento.(LSG)

2. O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da presente lei e non adaptado á Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación á mesma, conforme ás seguintes regras:

d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto na presente lei para o solo rústico."

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Autorizar a obra solicitada por HORTALIZAS GARCÍA FALCÓN, C.B. con CIF: E27352772** e **domicilio en O Batán, núm.1, parroquia de Santo Tomé (Lourenzá) con data 20/02/2024 e núm. E-RE-81 de rexistro de**





Concello de Lourenzá

entrada, para a realización dos traballos consistentes en **DEMOLICIÓN DE ALPENDRES EXISTENTES E EXECUCIÓN DUNHA NAVE PARA ALMACÉN DE PRODUCTOS HORTÍCOLAS** sito en **O Batán, núm. 1, parroquia de Santo Tomé (Lourenzá)**, con referencia catastral **27027C005010560000DS**. A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

SEGUNDO: Condicionar a efectividade da lizenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, así como o cumprimento das condicións inscritas no informe da Arquitecta Técnica Municipal de data **08/07/2024**, transcrita máis arriba, todas elas teranse que cumprir:

1. -SERVIZO DE INFRAESTRUCTURAS AGRARIAS DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DE LUGO que se transcriben literalmente:

EXPTE. A12X00508 (18/10/2023) A vista de todo o exposto, non procede por parte do Servizo de Infraestruturas Agrarias formular oposición ás actuacións pretendidas ao abeiro da súa normativa sectorial, sen prexuízo dos demais informes, autorizacións e permisos que conforme a lexislación vixente deban prestar outras administracións ou organismos públicos competentes e sen entrar a valorar o cumprimento dos requisitos urbanísticos.

EXPTE. A12X00508 (09/04/2024) A preservación dos resultados do proceso concentrador, interese fundamental deste servizo, non se verían prexudicados coa execución do proxecto obxecto da solicitude, polo que non procede formular oposición ás actuacións pretendidas, sen prexuízo dos demais informes, autorizacións e permisos que conforme a lexislación vixente deban prestar outras administracións ou organismos públicos competentes e sen entrar a valorar o cumprimento dos requisitos urbanísticos para este tipo de construcións.

2. -SERVIZO DE PATRIMONIO NATURAL DA DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO-CONSERVACIÓN DA NATUREZA DA DIRECCIÓN XERAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO que se transcriben literalmente:

EXPTE. NL 462-2023 Cumprirase o réxime de protección xeral de especies silvestres animais establecido no artigo 89 da Lei 5/2019. Garantirase o respecto dos exemplares de especies de flora e fauna recollidas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas que puideran estar presentes na zona de actuación. En caso de detectar a súa presenza o promotor da actuación elaborará un estudo da





Concello de Lourenzá

afección da actuación sobre as súas poboacións, incluíndo as medidas previstas para compatibilizar a actuación co bo estado de conservación das mesmas; o cal se trasladará a este servizo para a súa valoración con carácter previo ó inicio das actuacións. Evitaranse os arrastres de sólidos cara as augas continentais, a vertedura de residuos, en particular os perigosos, e en xeral a vertedura de calquera contaminante que de lugar a que se excedan os umbrais establecidos para a calidade das augas continentais no anexo V do Decreto 130/1997. Queda particularmente prohibido: O acúmulo de entullo en lugares que pola súa proximidade as augas ou cauces sexan susceptibles de seren arrastrados por elas ou por escorrenta de choiva, salvo que actuación resultase de conformidade e cumprise coas esixencias da normativa en materia de augas.

EXPTE. NL 176-2024. Cumprirase o réxime de protección xeral de especies silvestres animais establecido no artigo 89 da Lei 5/2019. Neste senso evitarase na medida do posible a molestia ás especie da fauna en época de reprodución: en xeral de abril a xuño para a fauna terrestre. Garantirase o respecto dos exemplares de especies de flora e fauna recollidas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas que puideran estar presentes na zona de actuación. En caso de detectar a súa presenza o promotor da actuación elaborará un estudio da afección da actuación sobre as súas poboacións, incluíndo as medidas previstas para compatibilizar a actuación co bo estado de conservación das mesmas; o cal se trasladará a este servizo para a súa valoración con carácter previo ó inicio das actuacións. Evitaranse os arrastres de sólidos cara as augas continentais, a vertedura de residuos, en particular os perigosos, e en xeral a vertedura de calquera contaminante que de lugar a que se excedan os umbrais establecidos para a calidade das augas continentais no anexo V do Decreto 130/1997. Queda particularmente prohibido: O acúmulo de entullo en lugares que pola súa proximidade as augas ou cauces sexan susceptibles de seren arrastrados por elas ou por escorrenta de choiva, salvo que actuación resultase de conformidade e cumprise coas esixencias da normativa en materia de augas.

3. -AUGAS DE GALICIA que se transcriben literalmente:

EXPTE: DH.W27.93275 CONDICIÓN XERAIS

1. As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.
2. Outórgase autorización de Augas de Galicia sen prexuízo de terceiro e salvano o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.





Concello de Lourenzá

3. Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia
4. A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, poderá efectuarse a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.
5. Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes, ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medioambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.
6. titular da autorización será responsable de danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalacións que se autorizan.
7. Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento de calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto ás servidumes legais.
8. Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.

PARTICULARES

1. As obras consistirán na demolición de sous alpendres e na construción dunha nave destinada a almacén de horticultura na parcela con referencia catastral 27027C005010560000DS, no lugar de Batán, na parroquia de Santo Tomé, no concello de Lourenzá (LUGO). As actuacións veñen recollidas en 3 proxectos diferentes e na documentación e as actuacións concretas a realizar son as que se recollen en cada documento: “Proyecto de demolición de nave de almacenamiento”, da arquitecta Noelia Ramalleira Barrera de maio do 2023: Demolición dunha edificación na parcela mencionada e situada na zona Noreste das edificacións existentes. Superficie a demoler duns 110 m².





Concello de Lourenzá

“Proyecto de demolición alpendre”, da arquitecta Aurora María López Barrós de setembro do 2023. Demolición dunha edificación na parcela mencionada e situada na zona situada Noroeste das edificacións existentes.

Superficie a demoler duns 76,50 m². “Proyecto técnico para instalación de almacén de horticultura V02”, da arquitecta Aurora María López Barrós de Xaneiro do 2024. Construción dunha nave de almacenamento para horticultura de 200 m² e executada a cimentación mediante zapatas de formigón, soleira de formigón, pilares metálicos formando 5 pórticos, peche de 3 frentes mediante bloque de formigón e cuberta tipo sandwich. Segundo o informe da gardería fluvial as obras sitúanse na marxe dereita da zona de policía do rego Batán, a unha distancia de 78 m. Segundo os estudos desenvolvidos por Augas de Galicia de “delimitación dos Mapas de Perigosidade e Risco de Inundación das Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSI) de Galicia Costa” que se poden consultar no enlace <http://visorgis.cmati.xunta.es/dhgc/>, a parcela na que se solicitan as obras próxima á ARPSI do rego do Batán (ES014-LU-18-01-02-01) En todo caso, segundo o disposto no devandito visor de Augas de Galicia, as futuras obras non estarían afectadas pola zona de fluxo preferente (ZFP) e polas zonas inundables para o período de retorno de 500, 100 e 10 anos.

2. As obras non afectarán ao cumprimento das funcións da zona de servidume de leitos (5 metros medidos a partir do borde da máximas crecidas ordinarias do leito), quedando en todo caso, expedita.

3. A construción deberá ter o uso de almacén que se indica na documentación, non se permite o cambio de uso.

4. As obras axustaránse ás características técnicas e xeométricas descritas na documentación achegada, no que non resulten modificadas por esta autorización. Esta autorización non supón a legalización doutras obras preexistentes.

5. O movemento de terras que se executará será o estritamente necesario para a cimentación da nave.

6. De xeito xeral, as obras non alterarán o réxime hidrolóxico da zona e as augas discorrerán polos lugares polos que o farían de xeito natural.

7. O titular das actuacións será responsable da drenaxe das augas que influan de xeito natural ó ámbito de actuación, a disposición das obras realizadas non poderá modificar os puntos de entrada e saída dos fluxos de augas que poidan chegar ao predio procedentes doutros predios superiores ou xerarse no propio





Concello de Lourenzá

predio, debendo resolverse a circulación das augas dentro do mesmo predio e sen establecer maior gravame do existente a terceiros por esta causa ou outros efectos prexudiciais a estes no dominio público hidráulico.

8. Será responsabilidade do promotor das obras da correcta drenaxe das augas pluviais naturalmenta cara as parcelas lindeiras, sen que se poidan xerar variacións do seu réxime natural do fluxo que produzan afeccións a terceiros.

9. Para a realización dos traballos non se invadirán nin se vadearán os leitos públicos con maquinaria, salvo que se dispoña da previa autorización do organismo de bacía. 10. Non se executará a corta de exemplares de especies arbóreas de ribeira, salvo que se dispoña da previa autorización do organismo de conca.

11. En xeral, as actuacións realizaranse coa menor afección posible do dominio público hidráulico e da súa zona de servidume (os cinco primeiros metros de ancho dende as canles fluviais) en particular evitando a alteración da vexetación de ribeira autóctona e o vertido de residuos ou contaminantes das augas por enriba dos límites legais. Os residuos resultantes retiraranse do dominio público hidráulico e da súa zona de servidume.

12. No caso de que durante os traballos se aprecien indicios da existencia de bens constitutivos do dominio público hidráulico segundo o artigo 2 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico (ex.: ríos, regos, etc.) que non foran advertidos durante a visita da Gardería Fluvial, a estes bens daráselles o mesmo tratamento de respecto íntegro e aplicaranse as mesmas condicións indicadas neste informe para a execución dos traballos con respecto aos bens de dominio público xa identificados.

13. Evitaranse as escorrentas e enturbamentos das augas, polo que as obras se executarán en época climatolóxica favorable. No caso de ser necesarios durante a execución das obras, implementaranse os sistemas físicos/barreiras que impidan os arrastres de terras e/ou materiais de obra cara aos leitos públicos.

14. Non se depositarán materiais, residuos ou claquera material contaminante no cauce nin nas súas inmediacións (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferrente e zona inundable), nin en lugares susceptibles de incorporarse a el durante as enchentes ou por episodios de choivas. Durante a fase de construción extremaranse as precaucións coa retirada de todo tipo de cascallos e material de refugallo das marxes, co obxecto de reducir posibles alteracións na calidade da auga circulante ou na capacidade hidráulica da canle.

15. Evitaranse o vertido de produtos contaminantes ou materiais cara aos leitos,





Concello de Lourenzá

así como o depósito de calquera material contaminante na zona de servidume de leitos ou en calquera lugar que poida ser alcanzado polas enchentes (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente, e zona inundable) De xeito especial, prohíbese expresamente verter no propio leito do río restos de formigón ou cemento, ou lavar materiais ou ferramenta que estiveran en contacto con eles, así como cambio de aceite de maquinaria de construción.

16. Os cascallos e outros residuos procedentes da obra xestionaranse segundo a normativa aplicable. Especial precaución deberá terse nas demolicións de haber fibrocemento que puidese ter amianto, debendo xestionarse correctamente e manipularse/retirarse seguindo a normativa vixente por unha empresa autorizada.

17. En todo caso debe quedar garantido o cumprimento dos valores admitidos para os parámetros que determinan a calidade mínima esixible ás augas continentais, establecidos no Anexo V do Decreto 130/1997 polo que se aproba o Regulamento de pesca fluvial de Galicia e a consecución dos obxectivos ambientais para a masa de auga segundo o Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2021-2027; así como os preceptos do Real Decreto 817/2015, de 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental e o Real Decreto 1514/2009, de 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e o deterioro.

18. No caso de que para a execución das obras sexa necesario a colocación de maquinaria, estadas ou estruturas auxiliares temporais similares no exterior do inmovible, adoptaranse as medidas necesarias para asegurar a estabilidade dos mesmos e no se situarán na zona de servidume de leitos, zona de fluxo preferente e zonas inundables. 19. Esta entidade pública non será responsable da solución técnica estrutural elixida polo promotor.

20. Lémbra-lle que, se na construción que se autoriza ou se noutras existentes na parcela, de non estar conectadas á rede municipal de saneamento, se se producen vertidos á rede hidrolóxica (subterránea ou superficial), susceptibles de provoca-la contaminación ou degradación do dominio público hidráulico, viría obrigado a solicita-la preceptiva autorización de vertido ante Augas de Galicia. Do mesmo xeito, se se producise algún aproveitamento de augas de calquera procedencia, distinto do dunha rede municipal de abastecemento, lémbra-lle que viría obrigado a tramita-la correspondente concesión ante Augas de Galicia, ou segundo o caso, o recoñecemento do dereito ao uso privativo da auga por





Concello de Lourenzá

disposición legal. Esta condición é especialmente relevante no caso de que na parcela exista algún pozo ou algún aproveitamento de augas para a rega ou outros usos. No caso de exista algún pozo e non estea en uso lémbra-se que deberá procederse ao seu selado.

21. Vista a proximidade das actuacións a unha área recollida dentro dos Mapas e Perigosidade e Risco de Inundación desenvolvidos por este organismo de conca, nos que o río Batán está dentro dunha das Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSI) de Galicia Costa, recoméndase ao promotor á adopción de medidas de diminución da vulnerabilidade e autoprotección fronte a avenidas segundo a Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil, a normativa d comunidade autónoma e outra normativa ou recomendacións guías aplicables publicadas polo Ministerio para a adaptación ao risco de inundación e reducir os efectos que estas producen, con obxectivo de minimizar no posible os efectos negativos que estas producen.

22. Do mesmo xeito, recoméndase ao promotor que poña en coñecemento dos usuarios das instalacións o recollido no Anexo VIII (“Consellos á poboación ante o risco de inundacións”) da Resolución do 4 de outubro de 2016 pola que se publica o Plan Especial de Protección Civil ante o risco de inundacións en Galicia (INUNGAL) En todo caso, será responsabilidade do solicitante a adopción e transmisión aos usuarios das posibles medidas de prevención e/ou protección de bens e persoas a adoptar no caso de producirse enchentes que poideran afectar ás instalacións.

23. Recoméndase evitar época de chuvias para realizar as obras e en todo caso deberá estar atento aos episodios meteorolóxicos e deberá tomar as medidas que considere axeitadas en materia de protección civil e será responsable dos danos que se poidan producir derivados da súa situación respecto do río.

24. No caso de que coa execución das obras haxa ocupación provisional ou definitiva de parcelas alleas precisárase acordo cos seus titulares.

25. Unha vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederas á súa rehabilitación, descontaminando a terra e, se for preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc. ata conseguir a súa situación primitiva.

14. O prazo para a realización das obras é de vinte e catro (24) meses contado a partir do día seguinte da recepción desta resolución. Finalizado este prazo extinguirase a validez da autorización, salvo que se solicite e obteña unha





Concello de Lourenzá

prórroga antes do esgotamento do prazo.

15. Rematadas as obras, comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ao seu recoñecemento final nos casos en que considere oportuno.

TERCEIRO.- O prazo de execución: **Inicio: 6 meses/Finalización: 24 meses.**

CUARTO.- Igualmente apróbase a liquidación do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, segundo o cal deberá abonar **285,69.-€ (DOUSCENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS)**, o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en 9523,00.-€ (NOVE MIL CINCOCENTOS VINTE E TRES EUROS).

CONTRATACIÓN ADQUISICIÓN DE ROBOT CORTACÉSPEDE.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Vista a proposta da Alcaldía de data 05/07/2024 ao abeiro do Programa de Investimentos do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023 a través do cal se solicitou unha axuda para a adquisición dun ROBOT CORTACÉSPEDE, a cal e se transcribe seguidamente:

“D^a. ROCIO LÓPEZ GARCIA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE LOURENZÁ (LUGO),

Dona ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, Alcaldesa-Presidente do Concello de Lourenzá (Lugo), ao abeiro do Programa de Investimentos do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023 a través do cal se solicitou unha axuda para a adquisición dun Robot cortacésped e visto que se trata dunha obra menor, procédese a analizar as ofertas presentadas:

EMPRESA	OFERTA PRESENTADA SEN IVE	IVE	TOTAL
MARCOS LOPEZ ALVAREZ	13.267,00 €	2.786,07 €	16.053,07 €
GONZALO TERRON GARCÍA	13.230,00 €	2.778,30 €	16.008,30 €
DAVID RODRIGUEZ PARIS	13.250,00	2.782,50 €	16.032,50 €

Esta Alcaldía, PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL





Concello de Lourenzá

PRIMEIRO.- Adxudicar o subministro do investimento "ADQUISICIÓN DE ROBOT CORTACÉSPEDA" á empresa GONZALO TERRON GARCIA, con NIF 76.581.088-N e domicilio en Recemil, nº 22, 27760, Lourenzá, Lugo; por un importe total de dezaseis mil oito euros con trinta céntimos (16.008,30 €) co seguinte desglose:

<i>PRESUPOSTO</i>	<i>13.230,00 €</i>
<i>IVE (21%)</i>	<i>2.778,30 €</i>
<i>PRESUPOSTO EXECUCIÓN</i>	<i>16.008,30 €</i>

SEGUNDO.- Aprobar o gasto correspondente que ascende a quince mil trescentos cincuenta euros (IVE incluído), con cargo á partida 171.629 do vixente Presuposto de Gastos.

TERCEIRO.- Unha vez efectuado o subministro, incorporárase a factura e procederáse a tramitar o pago, tendo en conta que a data límite para a execución e presentación da documentación xustificativa dos investimentos é o 31 de outubro de 2024.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario, que executará o investimento de conformidade co Programa de Investimentos do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023; así como ao resto de empresas que presentaron oferta.

QUINTO.- Comunicar ao rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato menor incluíndo entidade adxudicataria, importe adxudicación xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

É a miña proposta, non obstante a Xunta de Goberno Local acordará o que estime procedente en Lourenzá, a 05 de Xullo de 2024. "

A Xunta de Goberno, en votación ordinaria, por unanimidade, acorda aprobar a proposta da Alcaldía en todos os seus termos.

CONTRATACION DA ADQUISICIÓN DE TRITURADORA MULTIFUNCIÓN.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Vista a proposta da Alcaldía de data 05/07/2024 ao abeiro do Programa de Investimentos do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023 a través do cal se solicitou unha axuda para a adquisición dunha TRITURADORA MULTIFUNCIÓN, a cal e se transcribe seguidamente:





Concello de Lourenzá

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

D^a. ROCIO LÓPEZ GARCIA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE LOURENZÁ (LUGO),

Dona ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, Alcaldesa-Presidente do Concello de Lourenzá (Lugo), ao abeiro do Programa de Investimentos do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023 a través do cal se solicitou unha axuda para a adquisición dunha trituradora multifunción e visto que se trata dunha obra menor, procédese a analizar as ofertas presentadas:

EMPRESA	OFERTA PRESENTADA SEN IVE	IVE	TOTAL
MANTO MAQUINARIA, S.L.U.	12.727,27 €	2.672,73 €	15.400,00 €
DURACOR MAQUINARIA, S.L	12.809,92 €	2.690,08 €	15.500,00 €
MOURE MAQUINARIA, S.L.	12.685,95 €	2.664,05 €	15.350,00 €

Esta Alcaldía, PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PRIMEIRO.- Adxudicar o subministro do investimento “ADQUISICIÓN DE TRITURADORA MULTIFUNCIÓN” á empresa MOURE MAQUINARIA, S.L., con CIF B27173384 e domicilio en O Pedrón, Lourenzá, Lugo; por un importe total de quince mil trescentos cincuenta euros (15.350,00 €) co seguinte desglose:

PRESUPOSTO	12.685,95 €
IVE (21%)	2.664,05 €
PRESUPOSTO EXECUCIÓN	15.350,00 €

SEGUNDO.- Aprobar o gasto correspondente que ascende a quince mil trescentos cincuenta euros (IVE incluído), con cargo á partida 171.629 do vixente Presuposto de Gastos.

TERCEIRO.- Unha vez efectuado o subministro, incorporárase a factura e procederáse a tramitar o pago, tendo en conta que a data límite para a execución e presentación da documentación xustificativa dos investimentos é o 31 de outubro de 2024.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario, que executará o





Concello de Lourenzá

investimento de conformidade co Programa de Investimentos do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023; así como ao resto de empresas que presentaron oferta.

QUINTO.- Comunicar ao rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato menor incluíndo entidade adxudicataria, importe adxudicación xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

É a miña proposta, non obstante a Xunta de Goberno Local acordará o que estime procedente en Lourenzá, a 05 de Xullo de 2024.”

A Xunta de Goberno, en votación ordinaria, por unanimidade, acorda aprobar a proposta da Alcaldía en todos os seus termos.

PROPOSTA BASES VI CERTAME DE TEATRO AFECCIONADO CONCELLO DE LOURENZÁ	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Neste punto e unha vez coñecido o contido das Bases de referencia e a proposta da Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal, ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar as Bases que rexerán o procedemento de concorrencia competitiva para ao VI Certame de Teatro Afeccionado 2024, sendo o seu contido literal o que segue:

“VI CERTAME DE TEATRO AFECCIONADO

“CONCELLO DE LOURENZÁ” - 2024

BASES

1.- A Concellería de Cultura do Concello de Lourenzá convoca o VI CERTAME DE TEATRO AFECCIONADO “CONCELLO DE LOURENZÁ”.

2.- Poderán participar unicamente compañías ou grupos de teatro afeccionado e que superen un proceso previo de selección, admitíndose calquera tipo de xénero e empregando preferentemente a lingua galega en calquera das súas variantes dialectais.

3.- Os grupos interesados en participar deberán inscribirse nas oficinas municipais do Concello de Lourenzá ou por correo, enviando a seguinte





Concello de Lourenzá

documentación:

- Ficha de inscrición, que aparece na páxina web do Concello.
- Fotocopia do CIF do grupo ou compañía.
- Ficha artística e técnica.
- DVD, pendrive ou tarxeta de memoria coa gravación da obra presentada a concurso.

Esta documentación enviarase á seguinte dirección:

Concello de Lourenzá

(VI Certame de Teatro Afeccionado)

Praza do Conde Santo, s/n

CP 27760 Lourenzá (Lugo)

4.- O prazo de presentación das solicitudes comezará ao día seguinte da publicación destas bases na web do Concello e rematará o 27 de setembro de 2024.

5.- As representacións terán lugar no edificio multiusos “Ponte de Cuñas” durante os meses de outubro e novembro, establecéndose un máximo de oito (a organización, en función da calidade das obras, poderá modificar o número de representacións). O horario será establecido pola organización.

6.- No mes de decembro terá lugar a entrega de premios nunha gala na que haberá unha representación teatral ou musical profesional. Para cada premio o xurado seleccionará tres nominados. Será na gala cando se coñeza o gañador de cada categoría. A nominación será comunicada pola organización aos interesados. Á gala final deberán asistir todos os nominados/as ou os representantes nos que deleguen.

7.- O Concello nomeará un xurado independente que presidirá o edil de Cultura ou a persoa na que delegue. O fallo do xurado será inapelable.

8.- Cada grupo ou compañía de teatro seleccionado recibirá a cantidade de 350 euros en concepto de participación, desprazamento, montaxe, etc. (Para percibir a citada cantidade, a compañía ou grupo deberá presentar factura).

9.- Establécense os seguintes premios:





Concello de Lourenzá

- Premio "Conde Santo" á mellor representación: 750 € e trofeo.
- Premio "Lourenzo" ao mellor actor: trofeo.
- Premio "Ana" á mellor actriz: trofeo.
- Premio ao mellor actor de reparto: trofeo.
- Premio á mellor actriz de reparto: trofeo.
- Premio á mellor posta en escena: trofeo.
- Premio especial do público: trofeo.

O xurado, de acordo coa organización, poderá establecer algún premio máis se o considera oportuno.

10.- Os medios técnicos necesarios para a representación correrá a cargo dos participantes.

11.- A xestión e pago á SGAE polos dereitos de autor correrán a cargo do grupo ou compañía participante no certame.

12.- O prezo da entrada ás representacións será de 4 €.

12.- Calquera circunstancia non prevista nas presentes bases será resolta de maneira inapelable pola organización.

13.- Teléfono de contacto : 982121006 (M^a José)."

APROBACIÓN DE FACTURAS	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

A Xunta de Goberno Local, en virtude das atribucións que lle foron conferidas pola Alcaldía, prestou aprobación por unanimidade dos presentes, ás FACTURAS que se relacionan a continuación:

NOME E NIF ACREEDOR	N.º DE FRA. E DATA	CONCEPTO	IMPORTE	(IVE INCLUÍDO)
CONCELLO DE BARREIROS (CIF: P2700500H) (SERVICIO	NOVEMBRO 2023 (03/07/2024) DECEMBRO 2023	RECOLLIDA RESÍDUOS SÓLIDOS URBÁNS		25821,28

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





Concello de Lourenzá

CONCELLOS GALEGOS SLU)	(05/07/2024)			
AUTOS MORÁN, SL (CIF: B27179969)	NÚM. 99 (01/06/2024)	TRASLADO ESTUDIANTES 2023-2024 ATA O IES SAN ROSENDO DE MONDOÑEDO	3233,66	3557,03
CARPAS CARBOEIRA, SL	NÚM . 899 (29/07/2024)	CARPA Y CABINA BAÑOS PARA ACTIVIDADES SEMANA SANTA	5600	6776,00
			TOTAL...	36154,31
B) ACTIVIDADE DE CONTROL				
Non hai asuntos				
C) ROGOS E PREGUNTAS				
Non hai asuntos				

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

